Intervén o Sr. Alcalde dicindo que este preito termina da seguinte maneira é dicir, os xulgados en diferentes xuízos determinan que AQUAGEST lle debe ao Concello de Ares un millón catrocentos mil euros e dicir, eles se negan a facer a liquidación e aparte néganse sempre por elevación non é que nos deberan nada, e que lles debíamos nós a eles, entón imos a xuízo e a sentenza é favorable non só nos deben un millón catrocentos senón seiscentos mil máis que están depositados que nós non os tocábamos xa é cousa do xulgado o millón catrocentos, os outros seiscentos agora con esta firma do acordo xa está, e dicir, unha empresa que te debe dous millóns de euros e que se ríe de ti a cara que lle debes ti, e que non te deixa nin a maquina de picar o chan lévanse todo cando o prego di que os bens de equipo amortízanse a final de contrato e quedan para o concello, non deixan nada lévanse todo o material entón ben, eu creo que AQUAGEST pasou a historia en un momento de onde tivo moitos conflitos con moitos concellos e por iso cambiaron de imaxe e de marca tiveron que cambiar eles de imaxe, nós seguímonos chamando Concello de Ares eles son os que cambiaron de imaxe e de marca, porque estaban desprestixiados en moitos sitios, xa non se chaman AQUAGEST liquidaron todos os problemas que tiñan noutros concellos tiveron unha convulsión porque non só tiveron problemas en Ares de feito cambiaron de nome eu creo que houbo unha mala xestión en moitos sitios, explotoulles en Santiago en moitísimo sitios e a situación e agora nesa sucesión de empresas pois creo que só teñen o problema de Ares e teñen que arranxalo tamén efectivamente foron situacións que eran moi difíciles de entender.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que si houbera máis transparencia en todo isto ao mellor nós estaríamos votando a favor, pero como neste concello a transparencia non existe e hai que ir aos xulgados a Ferrol a pedir as sentenzas si te queres enterar de algo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que nese sentido no hai entendemento, que non votedes a favor non e novedoso e non pasa nada.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que é por falta de información.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo, pola razón que queirades ou porque non lle caio ben, e igual a razón é indiferente, nin por temas que son totalmente favorables para o concello, outras cousas son para discrepar, pero é que aquí o di un xuíz en sentenza entón aquí ven, non invento datos veñen nos consideratos das sentenzas.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que ata agora non tivemos a sentenza, estas sentenzas non foron levadas a comisións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que estas sentenzas sempre foron levadas a pleno.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non.



Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde dicindo que estas sentenzas de AQUAGEST as falamos aquí, dos cartos en fin, non quero discutir pero en calquera caso consumíronse as dúas quendas de intervención e en consecuencia procedemos a sometelo a votación.

O Sr. Alcalde somete a votación o punto a votación.

Sometida a votación a proposta de transacción extraxudicial referenciada, o Pleno do Concello en votación ordinaria por maioría de sete (7) votos a favor do PSdeG-P.S.O.E. (5), NAL (1) e SON DE ARES (1), tres (3) en contra do Grupo municipal do Partido Popular e tres (3) abstencións do Grupo Municipal do B.N.G. acorda aproba-la proposta de transacción extraxudicial presentada por Viaqua S.A.U. facultando ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente documento de transacción e posteriormente solicitar a homologación xudicial do mesmo.

## **2º.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN POLO TACGal "RECURSO Nº53/2019". ACORDOS QUE PROCEDAN**

Vista a notificación do resolución nº. 64/2019 recaída no recurso especial en materia de contratación número 56/2019 ditada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de 25 de marzo de 2019 que resolve:

1. Estimar parcialmente o recurso interposto por FCC AQUALIA S.A. contra os acordos de excusión da súa oferta e adxudicación ditados no procedemento de licitación do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conducións e bombeo) Ares, Fene e Mugar dos, licitado polo Concello de Ares, debendo procederse segundo o expresado no fundamento último desta Resolución.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Ao abeiro do artigo 57.5 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e manifestando que volve este tema aquí pero non hai unha nova decisión, realmente eu creo que estamos diante de un procedemento que vai a ser longo e este procedemento é outra vez a maneira de traballar do grupo de goberno, neste sentido hai unha empresa que reclama e hai un organismo que é o TACGal que din que ten dereito a reclamar pero aínda así dálle parcialmente a razón aínda que a día de hoxe non sabemos o que vai ser mañá. O que chama a atención sobre todo é o que di este organismo di "demostra unha clara e evidente falta de motivación na avaliación efectuada que impide entendela como correcta"

O Sr. Alcalde pídelle desculpas ao Sr. Mesías Farías xa que está a consultar co Sr. Secretario cal o acordo que teñen que adoptar no pleno.

O Sr. Alcalde aclara que o acordo a adoptar ven reflectido na páxina 6 do laudo no último parágrafo é o que se ten que votar.



Continúa o Sr. Mesías Farías, nese informe do TACGal do Tribunal Administrativo de Contratación é o que di “que demostra unha clara e evidente falta de motivación na avaliación efectuada que impide entendela como correcta” non di que non sexa incorrecta di “que impide entendela como correcta e supón unha manifesta vulneración dos principios de transparencia e de igualdade entre licitadores” non hai que darlle outra lectura iso o que está dicindo é que non se fixo ben o traballo, non houbo unha motivación que quede súper clara e ademais este feito impide unha manifesta vulneración dos principios de transparencia e de igualdade entre os licitadores entón estamos ante un caso demasiado grave, é posible que a cousa vaia moito máis ala e entón que ademais de atender a isto pois que esta empresa siga os procedementos xudiciais o cal volvemos a estar outra vez na allada como di o outro, en procesos xudiciais motivados por un mal traballo político e administrativo deste concello de Ares polo tanto nós non temos nada máis que dicir por agora.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que vista a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia o noso recurso de reposición contra o acordo plenario do día 18 estaba debidamente fundamentado ao que o grupo de goberno votou en contra, e agora este tribunal acorda anular a adxudicación así é, as cousas mal feitas Sr. Alcalde isto é o que ocorre por facer as cousas mal “todo isto demostra unha clara e evidente falta de motivación na avaliación efectuada que impide entendela como correcta e supón unha manifesta vulneración dos principios de transparencia”, transparencia Sr. Alcalde o tribunal pídelles transparencia, “e igualdade entre os licitadores a simple relación dos puntos outorgados a cada licitador en cada un dos criterios suxeitos a xuízo de valor impide apreciar se a mesma se axusta a eses principios e vulnera o previsto no artigo 15, que obriga a que a adxudicación debe ser motivada, esta falta de motivación incide ademais de xeito evidente no dereito de defensa do recorrente, dicir tamén máis adiante igual que non cometerse a infracción apreciada na que da lugar a presente anulación da adxudicación obxecto de impugnación, as valoracións non seguiron unha adecuada proporcionalidade resta por incluír no informe as razóns que fundamentan a razón outorgada, o certo é que no expediente remitido a este tribunal non consta documento algún que conteñan as deliberacións do xurado nin as explicacións das razóns polas que se asignan as distintas puntuacións a cada unha das propostas constatando unicamente o que a un lle interesa sen aportarse se quere o acta correspondente a valoración por parte do xurado das propostas presentadas” é moi grave todo isto, moi grave e a ver como termina.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que nas mesas de contratación sempre se fixo así, vostedes estiveches nelas e sempre se baixou un cadro onde se daban os puntos, sempre foi así, fíxose o que sempre se fixo de feito o pon aquí, “o informe de valoracións se reflexa nun cadro o resultado das puntuacións de cada licitador”, o fixemos así sempre nas mesas de contratación viña un cadro e unha valoración técnica, eu non recordo a ningún concelleiro puntuando nin valorando baixan os técnicos e nós sempre o aceptamos, eu non recordo que nunha mesa de contratación que vostedes cuestionarades a valoración dun informe técnico, se non o fixechedes vos cando estabades porque o teño que facer eu, baixaron o cadro cas puntuacións



e foi o que se fixo, en todo caso esta empresa estaba en baixa temeraria, non se fixo nada diferente ao que se fixo sempre.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías dicindo que lle gustaría que as explicacións e a motivación non sexa mais entrando no informe de TACGal que é unha simple referencia ao que pasaron nas xuntas de contratación onde nós nunca votamos a favor, moitas veces cando non o víamos claro, que iso era moitas veces, abstíñamos, entón aquí si hai algo que o goberno intentounos vender na xunta de voceiros, era que estimaban parte e iso o entendía o goberno como unha vitoria e ademais o feito de que non hai que cambiar as puntuacións esa estimación é unha estimación que o concello se agarraba a el como se nós non puntuásemos mal, o que falta e motivar.

Interrompe o Sr. Alcalde di que non ten necesidade de todo isto, esa é a opinión que tes ti.

Responde o SR. Mesías Farías dicindo que está facendo uso da súa segunda intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que xa o sabe, pero efectivamente o recurso di que ten que ser parcialmente estimado, nós o dicimos porque sabemos ler, o que dicimos está aquí e as valoracións non teñen que alterarse o di aquí, entón que vitoria nin nada, isto é unha situación onde hai que retrotraer e non sei quen gaño con isto pero os termos da túa intervención non son os correctos.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo, Sr. Profesor eu e que estaba intentando era explicar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo, profesor tamén o é vostede.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo, dígolle porque vostede me fala como se fose vostede o profesor e eu estou no miña queda de intervencións dando unha opinión política do meu grupo que por suposto non vai a coincidir con a súa, era para explicarlle que esta estimación en parte ten que ser así e non pode ser doutra maneira, si un alumno vai a reclamar unha nota e o profesor non lle move a nota e este vai a inspección a reclamar a nota, o que lle vai a dicir o inspector ao profesor é que motive a nota, non que cambie a nota, en primeira instancia entón nós estamos nesa primeira instancia que non se pide un cambio de puntuación porque non se pode pedir, e logo cando se motive xa se verá si a motivación era ou non era real, e para iso temos que retomar outros temas como o da Casa da Xuventude que tampouco ía a pasar nada e ao final houbo que devolver a practica a totalidade do préstamo xunto unha cantidade bastante elevada e intereses que tivo que pagar o concello por empeñarse en ir aos tribunais sabendo que tiña toda a razón, ou tamén a contratación de Aux. de Tesorería que tamén estaba todo ben, tamén a puntuación estaba ben segundo xustificaba o goberno e resulta que a cousa non foi así e vai haber que indemnizar a esa muller ou a esa rapaza, vai a haber que indemnizala porque realmente tiña razón a pesar de que a puntuación estaba ben e non nos manden cambiar a puntuación. Entón, como estamos con feitos consumados en moitos casos e estamos outra vez no mesmo polo tanto, nós isto non imos a votar a favor de que se retrotraia o procedemento a ese momento no cal os técnicos teñen que valorar.

Remata o Sr. Mesías Farías a segunda quenda de intervencións.



Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando, di vostede Sr. Alcalde que nós fomos a todas as mesas de contratación e que era o mesmo, que non se facía nada, mire eu nunca fun a unha mesa de contratación a ningunha que se aprobara por unanimidade como aprobouse neste caso o 9 de agosto do 2018, e pasados meses é todo o contrario, se lle da a outra empresa, eu nunca fun a unha mesa de contratación así, aprobar por unanimidade e despois desaprobar non, iso é mentira e de feito aquí dinllo, “o certo é que neste expediente remitido este tribunal non consta documento algún que conteña as deliberacións do xurado nin as explicacións das razóns polas que se asignan as distintas puntuacións a cada unha das propostas constatando unicamente o que o de agora interesa sen aportarse sequera o acta correspondente a valoración por parte do xurado das propostas presentadas” e veu o expediente incompleto ao pleno do 28 de decembro de 2018 veu o expediente incompleto porque no viña a última acta, o cal isto é moi grave.

Intervén o Sr. Alcalde preguntándolle ao Sr. Secretario si a exclusión por baixa temeraria está en debate.

Responde o Sr. Secretario dicindo que o debate e dos criterios subxectivos.

Intervén novamente o Sr. Alcalde preguntado ao Sr. Secretario porque a exclusión non entra en debate.

Responde o Sr. Secretario dicindo que a posteriori.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. Secretario si o acordo segundo o prego de condicións está en baixa.

Responde o Sr. Secretario dicindo que si, e o informe di que se manteña a exclusión.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo, o acordo é o que figura é o que limos antes e sometemos a votación o punto.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si podería ler o punto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa o leu o Sr. Secretario quedou claro mais ou menos, é o último parágrafo da páxina 6

O Sr. Alcalde somete a votación o punto.

O Pleno do Concello, previa deliberación acorda por unanimidade de tódolos grupos municipais (PSdeG-P.S.O.E., NAL, SON DE ARES, P.P. e BNG):

Anular o acordo de adxudicación, retrotraendo o procedemento aos efectos de que polo órgano de contratación se explicita a motivación das puntuacións outorgadas, que non poderán variar como consecuencia da aplicación da Resolución nº. 64/2019 do TACGAL, dando lugar a un novo acordo de adxudicación, e demais que procedan no seu caso, a notificar aos licitadores con indicación dos recursos que caiban e con mantemento, de estimarse así, das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada que da lugar á



presente anulación da adxudicación obxecto de impugnación, dando tralado ao TACGAL nos termos do artigo 57.4 da LCSP do presente acordo.

### **3º.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL 1/2019**

Dáse conta do informe de secretaría “Recoñecemento Extraxudicial 1/2019” de data 03 de abril, do seguinte teor literal;

#### **INFORME DE SECRETARIA**

ASUNTO: Recoñecemento extraxudicial de crédito nº. 1/2019 e convalidación de obrigas adquiridas.

Visto o procedemento incoado para o pago de 284.028,50 € (287.276,68 € con IVE) con cargo ao orzamento do exercicio en curso, derivados de gastos aprobados en exercicios anteriores ao de 2019, os cales non foron obxecto do oportuno recoñecemento contable, así como de obrigas que non seguiron os esenciais e preceptivos trámites de autorización administrativa, esencialmente os previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que daría lugar a unha fiscalización desfavorable, o funcionario que subscribe emite o seguinte

#### **INFORME**

1º.- O principio de anualidade orzamentaria, tamén chamado de especialidade temporal, debe entenderse nun dobre sentido, como de anualidade de aprobación e anualidade de execución, no sentido de que os ingresos e gastos, previstos no mesmo, han de realizarse dentro do período anual.

2º.- Así o artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse :

- a) Os dereitos liquidados no mesmo, calquera que sexa o período de que deriven.
- b) As obrigas recoñecidas durante o mesmo.
- c) As obrigas recoñecidas durante o exercicio.

3º.- Este artigo 163, a diferenza do artigo 34 da Lei Xeral Orzamentaria Lei 47/2003, de 26 de novembro) atende para a imputación temporal dos gastos, non ao criterio do pagamento, senón ao criterio do contraído, é dicir, criterio do momento no que se recoñece ou se liquida a obriga.

4º.- Dentro das quebras e, no concernente ao principio de anualidade orzamentaria, temos tres figuras distintas:

- a) Os gastos plurianuais.
- b) Os expedientes de incorporación de remanentes.
- c) Os recoñecementos extraxudiciais de crédito.



É precisamente este último suposto o que agora nos ocupa.

**5º.-** Esta figura que xa viña recollida no artigo 448.3 do Texto Refundido aprobado polo R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, vén regulado actualmente no artigo

23.1 do devandito Texto Legal e no artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e, aínda que nun principio puidese supor unha contradición co artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e do artigo 47 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) que declara nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a Lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta Lei, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ha declarado en doutrina reiterada, que son de abrigado cumprimento os compromisos adquiridos aínda con infracción de precepto e todo iso baseado no artigo 20 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria que establece que as abrigas económicas do Estado nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito se xeneren, e o propio Código Civil que no seu artigo 1089 enumera entre os actos ou feitos xeradores de abrigas "os actos e omisións ilícitos ou en que interveñan culpa ou negligencia".

O feito de non recoñecer as abrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría lugar tamén a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa para a Administración.

Todo iso sen prexuízo da responsabilidade de carácter civil, penal ou disciplinaria a que fai referencia o artigo 175 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria.

**6º.-** Unha vez finalizado o exercicio orzamentario de 2018, figuran novamente créditos por valor de 284.028,50 € (287.276,68 € con IVE), que non foron recoñecidos nos exercicios correspondentes ao carácter de crédito orzamentario, por tanto, a única solución posible para solucionar este problema é acudir ás previsións legais mencionadas anteriormente e aprobar o recoñecemento en base ao artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**7º.-** A maior parte das abrigas derivadas das facturas obxecto de recoñecemento e convalidación poderían ser obxecto de tramitación mediante a figura de contrato menor previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que unicamente require da aprobación do gasto e posterior recoñecemento da obrigación, sen necesidade de formalización de contrato administrativo, tal como despréndese de dita figura prevista na citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, avalada pola interpretación que efectúa a **Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda-Dirección Xeral do Patrimonio do Estado-no informe nº 40/95, de 7 de marzo de 1996 "Contratos menores"**

Tamén é de significar que gran parte das obrigas a recoñecer pertencen a servizos de tracto sucesivo que por diversas causas quedaron sen consignación orzamentaria como son as





correspondentes a suministros eléctricos por parte de NATURGY e Servicos Sociais Virxe do Carmen (con contrato).

Na súa virtude, expostas as consideracións, e en atención a situación ceada e á vista da doutrina xurisprudencial da teoría do enriquecemento inxusto da Administración sentada entre outras polas Sentenzas do Tribunal Supremo de 5-4-1994, RA 1994/4143; 13-5-1993, RA 1993/3413; S. 21-11-1981, RA 1981/5267; S. 12-2-1990, RA. 1990/984; S. 25-4-1989, RA 1989/3476; S. 20-12-1988, rA. 1988/10046; S. 26-1-1988, RA. 1988/429; S. 20-10-1097, RA 1987/8667; S. 2-11-1987, RA. 1987/7765; S. 29-12-1986, RA. 1987/1574 R.A. 1985/934; S. 13-7-1984, R.A. 1984/4676; 5.12-6-1984, R.A. 1984/3463; S. 24-1-1984, R.A. 1984/153; S. 8-7-1983, R.A. 1983/3917; S. 8-2-1983, R.A. 1983/645; S. 26-1-1983, R.A. 1983/365; S.12-1-1983, R.A. 1983/244; S. 18-10-1982, R.A. 1982/6389; S.3-11-1980, R.A.1980/4255; S. 29-10-1980, R.A. 1980/3964; S. 12-2-1979, R.A. 1979/908, a xuízo do funcionario que subscribe procede convalidar as facturas correspondentes ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e a súa aprobación.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación ou a Xunta de Goberno co seu superior criterio acordará o que estime conveniente, significando que conforme as bases de execución do orzamento e a teor do previsto no artigo 23.e do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, en caso de existencia de consignación orzamentaria, a competencia para a súa aprobación corresponde á Alcaldía, a sensu contrario, de non existir consignación orzamentario a súa aprobación correspondería ao Pleno da Corporación.

Ares, a 3 de abril de 2019

O SECRETARIO

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que novamente temos que recorrer a este expediente sempre se fai algo parecido, estamos ante uns gastos que é unha cantidade de dous centos e pico mil euros que teñen que ver cuns servicos que xa se sabe que se teñen que prestar, como é o subministro eléctrico e os servicos sociais Virxe do Carmen, o cal tiña que estar todo isto máis que previsto cando un fai o orzamento, porque o orzamento é unha previsión dos gastos que xa se saben que van ter, polo tanto non entendemos como case chegamos o medio millón de euros, case os trescentos mil euros e que haxa que facer este recoñecemento extraxudicial polo tanto ímonos a abster neste sentido.

Remata o Sr. Mesías.



O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que novamente esta é a forma de xestión non hai control de gasto, vaise cumprindo co PMP a costa de ter as facturas sen pagar nun queixón así é como saen as contas neste concello, dicir unha vez máis que o que necesitamos é un interventor, necesitamos un interventor para que haxa unha xestión e fiscalización económica-financieira eficaz, estou segura que cun interventor este recoñecemento extraxudicial de crédito non existiría e volvo a repetir que é obrigatorio por imperativo legal de dispor deste posto decreto 49/2009 do 26 de febreiro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non ten nada que dicir, non é cuestión de que se poida debater ou non hai que aprobalas e pagalas porque efectivamente se deben, entón abrimos unha segunda quenda de intervencións ou votamos.

Ninguén quere intervir.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

O Pleno do Concello, previa deliberación acorda por maioría de sete (7) votos a favor do PSDG-P.S.O.E. (5), NAL (1) e SON de ARES (1); tres (3) en contra do P.P e tres (3) abstencións do B.N.G. aproba-lo recoñecemento extraxudicial 1/2019 por importe de 284.028,50 € (287.276,68 € con IVE) con cargo ao orzamento do exercicio en curso, derivados de gastos aprobados en exercicios anteriores ao de 2019 segundo relación que figura no expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e corenta e seis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,